



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## **CEIP PLURILINGÜE ISIDORA RIESTRA**

Camíño da Reiboia nº 10, 36995 POIO.

Tlf:886151450/52/53, FAX: 886151454

Correo electrónico: ceip.isidora.riestra@edu.xunta.es



### **ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR**

#### **CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da dirección xeral de Ordenación e Innovación educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09/24), a **XUNTA ELECTORAL** deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a **convocatoria** de eleccións ao Consello Escolar do **SECTOR DE PAIS, NAIS E TITORES LEGAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 PAIS/NAIS**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Deles, 1 continúa como consecuencia da súa elección na última convocatoria e o 5º representante do sector será proposto pola ANPA do centro.

2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumno matriculado no centro e incluídos no Censo que está publicado no centro dende o día de hoxe. As reclamacións ao referido censo realizarase mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata ás 14h do día 8 de novembro.

3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas do 30 de outubro ata as 14h do día 11 de novembro.

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos o día 12 de novembro, ás 11:30h. Dita mesa electoral estará composta pola directora do centro que actuará como presidenta, e 4 pais/nais ou titores legais actuando como secretario o de menor idade.

5. A campaña electoral comprenderá dende o día 12 ao 17 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais, nais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7. As votacións realizaranse neste centro, **o martes día 19 de novembro, en horario de mañá de 8:45h a 9:45h e de 13:15h a 14:15h; e en horario de tarde de 16:30h a 18:30h**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:30h.

8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de 2 **nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable, e non se admitirá o voto por correo.

9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumno. Cada un deles poderá exercer o seu voto, pero só unha vez independentemente do número de fillos/as que teña matriculado no centro.

10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do centro.

11. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Poio, a 29 de Outubro de 2024  
A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo. Leticia Esperón Castro